



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZ DE AGOSTO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVEZA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretaria acctal: D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día dez de agosto de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000962 de don Juan José Rendo Rey.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda consistente na substitución parcial de tella, de aproximadamente 93 m² en planta, situada na Rúa Alcalde Francisco Carrillo, en solo cualificado no PXOM como solo urbano non consolidado e dentro do ámbito do polígono de execución PEI-5.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e cinco euros con trinta e oito céntimos (#85,38#).

2.2.- Instancia núm. 201200000001134 de dona Carmen Picón García.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Arnois - A Estrada, solicita licenza para a construción dun alboio para garda de apeiros en Albela



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



de Arriba –Santa Cruz de Ribadulla, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Alberto Rodríguez Ameijeiras cun orzamento de 10.682,25 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. Ademais deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratistas; ordenanza que se aplica, destino da construción, data da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trece euros con sesenta e cinco céntimos (#213,65#).

2.3.- Instancia núm. 201200000001124 de don Tomás Mougán Castelao.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para proceder á parcelación da finca nº 1391 do plano xeral de concentración parcelaria de Ribadulla, situada en Agrelo -Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas resultantes segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas nas arcas municipais, que ascende á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.

2.4.- Instancia núm. 201200000001093 de dona María Sandra Corral Fuentes, expediente número 2012/U007/000006.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Afós Nº 2 – Santa Cruz de Ribadulla, expón que con data 12/01/2010 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Afós, nº 24, (licenza nº 3/2010), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.



3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura destinado a taberna.

Vista a solicitude presentada por Carlos Alberto Cao Fontela, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a taberna, sito en Trobe, 10 (San Andrés de Trobe), neste termo municipal,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 24/01/1990, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que se acorda autorizarlle a Xamalú Filmes, S.L o corte en determinadas vías municipais con motivo da gravación da longametraxe “El oro del tiempo” en diversas paraxes do termo municipal, xa que existen desvíos igualmente válidos para o tránsito da circulación.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de xullo do ano que andamos, relativa á lista definitiva de candidatos, membros da Mesa de Selección e fixación de día, hora e lugar de celebración das probas para a contratación de seis prazas de oficial de segunda de protección civil na modalidade contractual de contrato de duración determinada por obra ou servizo de interese social, a tempo completo e cunha duración de cinco meses.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de xullo do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha subvención para o proxecto de voluntariado xuvenil do Concello de Vedra ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria (DOG nº 121/12, do 26 de xuño).

A Xunta de Goberno dáse por informada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de xullo do ano que andamos, pola que dada a súa urxencia e á vista e de acordo co informe da traballadora social, acórdase concederlle a dona Vanesa Martínez Sanín unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de catrocentos corenta euros (440,00) para a cobertura de dúas mensualidades do alugamento da vivenda e outra para necesidades básicas por importe de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de xullo do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento do 4º trienio da traballadora dona Carmen A. Sabio Sanz con data de efecto 01/07/2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.6.- Dáse conta de Resolucions da Alcaldía de data un de agosto do ano que andamos, pola que en función da proposta da Mesa de Contratación, adxudícaselle a Obras y Viales de Galicia, S.L a obra de *Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (código 12.2100.0217.0)*, e a Construcciones Boqueixón,S.L a obra de *Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (código 12.2100.0218.0)*, incluídas ámbalas dúas no POS 2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.7.- Dáse conta de Resolucions da Alcaldía de data 19 e 27 de xullo e 1 de agosto pola que se lle autoriza o corte de tráfico en pistas municipais á Asociación de Festexos Populares de San Miguel de Sarandón os días 9, 10 e 11 de agosto con motivo das festas do San Campio; á Asociación de Festexos AFESA de San Fins os días 1, 2 e 3 de agosto, e á Asociación O Cruceiro da Ulla os días 7, 8 e 9 de Setembro con motivo das festas do Gundián.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de xullo do ano que andamos, pola que se lle comunica a don Pablo Rey Ballesteros que no prazo de 10 días deberá proceder á limpeza da finca da súa propiedade sita en Figueiredo -Ponte Ulla, que se atopa invadida de maleza e en estado de abandono.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.9.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data seis de agosto do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Dolores Iglesias Gacio un prazo dun mes para que proceda á limpeza e acondicionamento da parcela con referencia catastral 15090A003003010000SB sita en Cibrán -San Xián de Sales, que se atopa invadida de maleza e en estado de abandono.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.10.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data seis de agosto do ano que andamos, pola que en relación coa situación na que se atopa a parcela con referencia catastral 15090A001007580000SH, propiedade dos herdeiros de dona María Teresa Campos Crespo, acórdase incoar expediente para a imposición de multas coercitivas ata



o cumprimento do ordenado na Resolución da Alcaldía de data 3 de abril de 2012 polo importe de trescentos (#300,00#) euros.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos

5.1.- Aceptación subvención para agrupación de voluntarios de protección civil (procedemento PR460A).

Dáse conta da Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 12 de xullo de 2012 (DOG nº 150/12, do 7 de agosto), pola que se lle concede unha subvención, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011 (DOG nº 8/12, do 12 de xaneiro) modificada por Orde do 2 de xullo (DOG nº 131/12, do 10 de xullo, para a agrupación de voluntarios de protección civil por importe de mil catrocentos oitenta e oito euros con trinta e un céntimos (#1.488,31#).

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e demais requisitos establecidos na citada orde.

Conclúe ao fío das trece horas e vinte e cinco minutos.